


1. Completa a seguinte táboa coas diferencias entre a codia oceánica e a continental.

	Codia continental	Codia oceánica
Forma os ...		
A rocha predominante é ...?		
Cal é máis antiga e cal máis recente?		
Cal é o seu grosor?		

2. A seguinte imaxe representa a estrutura da codia terrestre. Nela represéntase un océano, a codia continental, o manto e a codia oceánica. Indica que representa cada un destes números.


1: 3:

2: 4:



3. Fai un debuxo e colore a diferentes capas da xeosfera. A continuación, indica o nome de cada unha delas, o seu estado físico e a profundidade ata a que se estenden.

4. O seguinte mapa representa as placas litosféricas nas que se divide a codia terrestre. Colorea cada unha delas dunha cor diferente e indica ao lado de cada número o nome da placa correspondente.




5. Completa o seguinte texto coas palabras que faltan:

As placas litosféricas desprázanse lentamente debido ás de



Estes deplazamentos son debidos ao movemento do magma do terrestre.

Concretamente, o magma que se atopa no fondo do manto atópase máis quente e polo tanto ten densidade, o que fai que ata chegar á terrestre.

Ao ir ascendendo vai arrefriándose. Como consecuencia a densidade deste magma é o que provoca o seu afundimento de novo ata a capa profunda do manto pechándose unha especie de ciclo.



6. As seguintes imaxes representan os diferentes bordos ou límites que poden existir entre as placas litosféricas. Indica debaixo de cada unha das imaxes o nome correspondente dese bordo ou límite.



.....

7. A continuación enuméranse unha serie de estruturas xeolóxicas. Indica a que tipo de bordo ou límite pertence cada unha delas.

- Fosa oceánica:
- Falla de Santo André de California:
- Dorsal oceánica:
- Oróxenos:
- Formación de volcáns:

- Dorsal atlántica:
- Cordilleira do Himalaia:
- Fosa mariña das Marianas:

8. Completa a seguinte definición relacionada co concepto de mineral.

Os minerais atópanse sempre en estado e caracterízanse porque teñen unha, é dicir, sempre están formados polos mesmos elementos químicos que se atopan nunha proporción constante. Ademais, estes elementos químicos ou átomos dispóñense sempre no espazo formando figuras xeométricas que reciben o nome de Finalmente, os minerais tamén se caracterizan porque son e, é dicir, tan só se poden orixinar na natureza sen que sexan producidos polos seres vivos.

9. As seguintes definicións fan referencia a unha propiedade dos minerais:

- Birrifrixencia
- Densidade
- Dureza
- Magnetismo
- Transparencia
- Efervescencia
- Exfoliación
- Brillo
- Raia

Relaciona estas definicións co concepto correspondente.

- Capacidade dun mineral formado por ferro para atraer a un imán
- Capacidade dun mineral para desprender burbullas cando se lle engade HCl
- Cor que presenta o po do mineral ao raialo contra unha placa de porcelana
- É a relación entre masa do mineral e o volume que ocupa
- Capacidade dun mineral para romper en láminas ou superficies planas
- Capacidade dun mineral para desdobrar un raio de luz que o atravesa en dous
- Resistencia que presenta un mineral para ser raiao por outro
- É o aspecto da superficie dun mineral cando reflicte a luz

10. A cor dun mineral e a súa raia son sempre iguais? A que cres que se debe?

11. Relaciona os elementos das tres columnas relacionados coa clasificación dos minerais.

		Halita
		Fluorita
Minerais non silicatos	Conteñen silicio (Si)	Seixo
		Xeso
Minerais silicatos	Non conteñen silicio (Si)	Biotita
		Ortosa
		Pirita

12. Indica a que tipo de rocha fan referencia as seguintes definicións:

- Orixínanse a partir do arrefriamento dunha lava na superficie terrestre.....
- Orixínanse a partir de fragmentos doutras rochas que acumulan nas cuncas sedimentarias
- Orixínanse a partir doutras rochas cando estas se someten a elevadas presións e temperaturas
- Orixínanse a partir do arrefriamento dun magma no interior da codia.....

13. Clasifica as seguintes rochas da imaxe



Granito



Lousa



Carbón



Conglomerado

